

DECRETO NÚMERO 19005018 DO 06/06/2019

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo, en funcións.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2016, adoptou o acordo número 1/848, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2016, e nos seu anexo figura, entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

“- Grupo A1: escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda promoción interna). Denominación: enxeñeiro/a de camiños.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 299, do 30 de decembro de 2016, e DOG número 40, do 27 de febreiro de 2017.

Por outra parte, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, adoptou o acordo número 6/174, de modificación da oferta de emprego público para o ano 2016, e no seu anexo figura, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

“- Grupo A1: escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda promoción interna). Denominación: enxeñeiro/a de camiños.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e DOG número 127, do 5 de xullo de 2017.

As "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 (publicadas integramente no BOP de Lugo, número 256, do 7 de novembro de 2014).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de decembro de dous mil dezaioito, adoptou o acordo 11/703 MODIFICACIÓN DAS "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", o cal foi publicado no BOP de Lugo número 39 do 15 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de maio de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o seguinte acordo 10/325 PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2016)

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1559722787371.doc

Asunto: Convocatoria proceso selectivo

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014, ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 256, do 7 de novembro de 2014, como polas bases específicas aprobadas por acordo 10/325 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na sesión do 23.05.2019, que seguidamente se transcriben:

"1º.- OBXECTO.- É obxecto destas bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES AO CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014.

As ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 256, do 7 de novembro de 2014.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: enxeñeiro/a de camiños
- b) Grupo de titulación: A (subgrupo A1)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: superior

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- a) Título de enxeñeiro de camiños ou título de grao equivalente.
- b) Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente ao grupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promove.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo, e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno en sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarios do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ao concurso-oposición deberán alegar os méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010 e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos aos solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polas persoas aspirantes no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.-PROBAS SELECTIVAS.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1559722787371.doc

Asunto: Convocatoria proceso selectivo

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ao chou de entre os comprendidos no temario de materias específicas.

O temario de materias específicas intégrano 76 temas.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias das e dos titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán ou poderán ir provistas as persoas aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ao disposto na base décimo sétima letra C, das bases aprobadas pola Xunta de Goberno o 2 de xuño de 2010 modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010 e o 15 de outubro de 2014 que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementarase coa correspondente á fase de concurso.

8º.-PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

1. Propiedades do formigón fresco e do formigón endurecido. Retracción do formigón: factores e efectos. Características mecánicas do formigón. Durabilidade.



PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1559722787371.doc

Asunto: Convocatoria proceso selectivo

2. Posta en obra do formigón, transporte en obra, xuntas de formigonado, formigonado en tempo frío e en tempo caloroso, curado do formigón, encofrado, desencofrado e remate de superficies.
3. Disposición, colocación e dobrado de armaduras. Ancoraxe e empalme de armaduras. Adherencia entre formigón e aceiro. Durabilidade do formigón armado.
4. Trazado de estradas (I): trazado en planta. Trazado en alzado. Coordinación dos trazados en planta e alzado. Sección transversal.
5. Trazado de estradas (II): nodos, ramais, enlaces e interseccións. Programas integrados de trazado.
6. Drenaxe superficial (estudos hidráulicos, obras de desaugadoiro). Drenaxe subterráneo. Normativa aplicable.
7. Sinalización, balizamento e defensas. Normativa aplicable. Condicións que debe cumprir a sinalización. Tipos de sinais. Emprego da sinalización.
8. Constitución de firmes. Áridos. Ligantes bituminosos. Capas granulares. Estabilizacións. Tratamentos superficiais. Mesturas bituminosas. Pavimentos de formigón. Características superficiais. Normativa aplicable.
9. Características funcionais e estruturais do firme. Métodos analíticos de dimensionamento de firmes: presentación do proceso, datos de entrada, modelos teóricos de comportamento, análise de resultados.
10. Métodos empíricos de dimensionamento de firmes: estrutura xeral, método AASHTO, catálogos de seccións estruturais, norma 6.1-IC.
11. A capa de rodadura. Funcións e características. Mesturas bituminosas en quente para capas de rodadura. Comparación entre as distintas mesturas para rodadura.
12. As capas inferiores. Funcións e características. Mesturas bituminosas en quente para capas inferiores. Comparación entre as distintas mesturas.
13. A explanada como cemento do firme. Caracterización mecánica da explanada: tipos de ensaios. Incidencias da explanada no dimensionamento de firmes. Clasificación de explanadas en España.
14. Conservación e rehabilitación de firmes. Actuacións ordinarias. Rehabilitacións estruturais. Renovacións superficiais.
15. Pavimentación de vías urbanas (I). Características específicas do firme: esixencias técnicas, funcionais, ambientais e estéticas, de explotación e económicas. Seccións estruturais de firmes.
16. Pavimentación de vías urbanas (II). Pavimentos para zonas peonís: funcións e propiedades, tipo de pavimentos. Pavimentos en pistas para ciclistas.
17. Variables e parámetros fundamentais do tráfico, relacións entre eles. Capacidade e nivel de servizo, intensidade de servizo. Características do fluxo do tráfico: variación, distribución e composición. Modelos para a previsión do futuro da mobilidade.
18. Xestión da circulación en zonas urbanas. Regulación do estacionamento. Sistemas de información aos usuarios. Tratamento dos tráfico de peóns e de ciclistas. Seguridade viaria en zonas urbanas.
19. Regulación de interseccións mediante semáforos. Funcionamento dos semáforos. Reguladores. Coordinación de semáforos.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1559722787371.doc

Asunto: Convocatoria proceso selectivo

20. Bandas transversais de alerta en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación.
21. Redutores de velocidade prefabricados en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación. Redutores de velocidade non prefabricados sobreelevados en ámbito urbano. Criterios de deseño e instalación.
22. O transporte no medio urbano. Transportes público e privado. Novas tecnoloxías para a redución da conxestión do tráfico urbano.
23. As estacións de autobuses. Antecedentes e evolución. Aparcadoiros de disuasión. Intercambiadores modais.
24. Sinalización horizontal e vertical en zonas urbanas e novas urbanizacións. Normativa, criterios, materiais e posta en obra.
25. Sinalización provisoria por obras en zona urbana. Normativa. Criterios. Materiais. Disposición de elementos de sinalización en zona de obra urbana. Coordinación entre servizos municipais e organismos públicos.
26. Iluminación pública: factores determinantes da visibilidade, compoñentes da instalación. Deseño dunha instalación de iluminación pública: parámetros básicos, materiais, implantación, predimensionamento da instalación.
27. O proceso da contaminación de ríos, lagos e encoros. Eutrofización. O proceso de autodepuración dos ríos.
28. Tecnoloxías non convencionais de depuración para pequenas poboacións: Sistemas de tratamento por aplicación ao terreo. Aplicación superficial e subsuperficial. Vantaxes e inconvenientes dos sistemas TAT.
29. Sistemas naturais de depuración. Zonas húmidas artificiais. Fundamentos, clasificación, aplicabilidade e rendemento. Vantaxes e inconvenientes.
30. Tratamento de augas residuais mediante lagonaxe. Fundamento, esquema de funcionamento, tipos de lagoas, vantaxes e inconvenientes do lagonaxe.
31. A auga no terreo: tipos de auga no terreo, zonas do terreo segundo o tipo de auga, acuíferos. Realimentación de acuíferos: obxectivos e sistemas de recarga natural, inducida e artificial.
32. Captación de augas superficiais. Captación de augas de choiva. Captación de mananciais. Captacións de auga en ríos. Captación de auga en lagos. Toma de auga en encoros.
33. Captación de augas subterráneas. Criterios de localización. Tipos de captacións (verticais, horizontais, mixtos). Perímetros de protección. Galerías de auga. Xestión integrada das augas superficiais e subterráneas.
34. Abastecemento de auga a poboacións. Necesidades de auga. Usos e demandas. Consumo urbano. Dotacións. Variación e evolución do consumo.
35. Control da calidade da auga de abastecemento para consumo público. Normativa vixente. Criterios de calidade e puntos de cumprimento. Captación, tratamento de potabilización e control de calidade da auga de consumo humano.
36. Caudais de achega de augas residuais a unha rede de saneamento: caudal de augas residuais domésticas, caudal de augas residuais industriais. Variacións horarias e estacionais dos caudais. Cálculo de caudais.



37. Caudais de achega de augas de choiva a unha rede de saneamento: precipitacións, intensidade de choiva, período de retorno, coeficientes de escoamento, tempo de concentración, áreas vertentes. Cálculo de caudais.
38. Tipos de contaminación das augas residuais. As augas residuais de orixe doméstica: principais contaminantes. Contaminación das ARU en tempo seco: compoñentes, cargas contaminantes, variación temporal da contaminación.
39. Contaminación das augas de escoamento urbano. Fontes de contaminación. Acumulación e arrastre da contaminación na superficie da cunca.
40. Deseño de redes de abastecemento. Trazado en planta. Trazado en alzado. Presións. Velocidades de circulación. Diámetros. Materiais.
41. Estacións de bombeo. Selección do tipo de bomba e transitorios. Protección e tipos de estacións. Estacións de sobrepresión. Elementos construtivos. Trazado, tipos e cálculo de impulsións.
42. Depósitos de regulación e distribución: finalidade e clasificación. Capacidade dos depósitos: volume de reserva, para avarías e para incendios. Capacidade de regulación do sistema de abastecemento de auga da cidade de Lugo.
43. Depósitos de regulación e distribución: localización, formas e disposicións no terreo. Funcionamento do sistema de abastecemento de auga da cidade de Lugo.
44. Depósitos de regulación e distribución: características referentes ao deseño, á construción e á explotación. Problemas de calidade da auga no almacenamento. Control e medición do funcionamento do depósito.
45. Constitución dos depósitos: muros de recinto, tabiques divisorios, soleira, cuberta, cámara de claves. Dispositivos e equipamento dos depósitos: chegada de auga, desaugadoiros e vertedoiros, ventilación, impermeabilización e xuntas.
46. Tratamento de augas para abastecemento. Análise de factores que condicionan a definición da liña de tratamento dunha ETAP. Plantas de tratamento en función do tamaño da poboación.
47. Métodos de desinfección de auga potable. Cloración. Acción do cloro. Cloración ao *break-point*. Sistemas de cloración. Control da cloración e aplicacións.
48. Mecanismo de desinfección mediante radiación UV. Tipos de lámpadas. Métodos de contacto lámpada-auga. Vantaxes e desvantaxes. Subprodutos de desinfección.
49. Desinfección con ozono. Características e xeración de ozono. Vantaxes e desvantaxes. Outros usos de ozono nunha ETAP.
50. Sistemas de saneamento de aglomeracións urbanas. Problemática de deseño dos sistemas de saneamento. Sistemas de evacuación unitarios e separativos. Vantaxes e inconvenientes.
51. Deseño ambiental dos sistemas de saneamento. Uso de técnicas de xestión de augas pluviais nos sistemas de saneamento e drenaxe. Tipoloxía das TXAP. Criterios xerais de deseño para as TXAP en sistemas unitarios e sistemas separativos.
52. Trazado de redes de saneamento. Trazado en planta. Limitacións por afeccións a dominio público, estradas, liñas ferroviarias e vías pecuarias. Trazado en alzado.
53. Instalacións complementarias da rede de saneamento: baixantes, sumidoiros, arquetas de inspección e pozos de rexistro, acometidas, cámaras de descarga,

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1559722787371.doc

Asunto: Convocatoria proceso selectivo

válvulas, ventosas, desaugadoiros e comportas, sifóns, aliviadoiros e depósitos de retención.

54. Cálculo hidráulico de conducións das redes de saneamento. Velocidades de circulación. Ámbito de aplicación e ecuacións de cálculo para réxime permanente uniforme, réxime permanente gradualmente variado e réxime non permanente.

55. Impulsión de augas residuais. Tipos de bombas. Bombas de desprazamento positivo: bombas alternativas, bombas rotatorias, bombas de parafuso, exector pneumático. Bombas centrífugas. Bombas para augas residuais: bombas centrífugas; bombas axiais ou de hélice; bombas dilaceradoras e bombas de parafuso.

56. Deseño das bombas (velocidade específica, curvas características, punto de funcionamento, axuste de bombas en serie e en paralelo) e características: caudal para elevar e tempo de funcionamento, diámetro do conduto de impulsión.

57. Estacións de bombeo de augas residuais: localización, deseño e dimensionamento do depósito de bombeo, instalación de bombas somerxidas.

58. Pretratamentos dunha depuradora. Obxectivo. Obra de chegada. Desbaste: tipos de reixas e barutos, dilaceración. Desareado: tipos de desareadores e sistemas de extracción de areas. Desengraxado. Desareado-desengraxado conxunto.

59. Tratamentos primarios dunha depuradora. Obxectivos. Tipos de procesos. Teoría da sedimentación. Parámetros de deseño da decantación primaria. Dimensionado dos decantadores. Vantaxes e desvantaxes da decantación primaria.

60. Tipos de decantadores: polo tipo de proceso, polo fluxo hidráulico, pola concentración de lodos e pola reutilización de lodos. Decantadores *pulsator* e *accelator*. Dispositivos dos decantadores: entrada de auga, sistemas de saída de auga, varrido de lodos, pozas de lodo, dispositivos de retirada de graxas e purga de lodos.

61. Tratamento biolóxico de AR: leitos bacterianos. Concepto e fundamento do proceso. Tipos de leitos bacterianos. Elementos principais do sistema: medio soporte, depósito do reactor biolóxico, alimentación de auga residual, ventilación e saída de auga tratada.

62. Problemas dos leitos bacterianos: posta en marcha, desaparición da película biolóxica, encharcamento, olores, moscas, espumas e xeo. Explotación e mantemento de leitos bacterianos.

63. Tratamento biolóxico de AR: biodiscos. Descrición do proceso. Fundamento. Características dos discos rotatorios. Factores que afectan ao funcionamento dos biodiscos. Aplicación, vantaxes e desvantaxes do proceso.

64. Lamas activas convencionais. Descrición do proceso. Parámetros fundamentais do proceso: carga máscica, carga volúmica, tempo de retención celular, rendemento, produción específica de lamas, necesidades de osíxeno e recirculación de lamas. Sistemas de aireación. Decantación secundaria. Vantaxes e inconvenientes.

65. Lodos procedentes de EDARs: características e produción de lodos. Marco normativo. Posibilidades de destino final.



66. Espesamento de lodos de depuración: obxectivos, tipos de procesos de espesamento. Espesamento por gravidade, por flotación, por centrifugación e por filtros de banda por gravidade. Espesadores de tambor rotativo.
67. Estabilización de lodos de depuración. Tipos de estabilización. Estabilización con cal. Tratamento térmico. Dixestión aerobia. Dixestión anaerobia.
68. Deshidratación-acondicionamento da lama de depuración. Tipos de deshidratación. Eras de secado. Deshidratación mecánica (filtros de baleiro, centrifugas, filtros banda e filtros prensa). Evacuación de lamas.
69. Destino final de lamas de depuración: uso agrícola. Problemas, condicionantes e preparación de lodos para a súa aplicación en agricultura. Compostaxe.
70. Destino final de lamas de depuración: valorización enerxética. Incineración: tipos de incineradores. Vantaxes e inconvenientes do sistema de incineración. Autocombustión e recuperación enerxética. Gasificación.
71. Destino final de lamas de depuración: descarga en vertedoiros. Tipos de vertedoiros: vertedoiros exclusivos de lodos e vertedoiros combinados. Selección da localización do vertedoiro.
72. O proxecto de obras. Contido mínimo e responsabilidade derivada da súa elaboración, esixencia de clasificación do contratista, revisión de prezos, prego de prescricións técnicas, supervisión de proxectos, replanteo do proxecto.
73. Execución do contrato de obras. Comprobación do replanteo, responsabilidade do contratista, certificacións de obra, obras a tanto alzado e con prezo cerrado, modificación do contrato de obras, obras complementarias, liquidación e recepción das obras e conservación durante o período de garantía.
74. Valoración das obras a efectos de proxecto. Prezos de execución material das unidades de obra. Custos directos e indirectos. Custo da man de obra. Custo dos materiais. Custo de utilización da maquinaria. Cálculo do prezo de execución material dunha unidade de obra. Cálculo da porcentaxe de custos indirectos.
75. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Estudo e estudo básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido. Plan de seguridade e saúde: contido e aprobación. Libro de incidencias. Coordinadores en materia de seguridade e saúde, funcións. Obrigações do contratista en materia de seguridade e saúde.
76. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Lexislación aplicable. Características de accesibilidade en espazos públicos, elementos de urbanización e mobiliario urbano.
- 9º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.



PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1559722787371.doc

Asunto: Convocatoria proceso selectivo

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

10º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto se prezuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente ao seu dereito.